

MANIFESTO CIADÁN SOBRE O PXOM DE VIGO

Un Plano en contra da razón, do urbanismo moderno e do desenvolvemento sostible

I. CARTA AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA,

EXCMO. SR. D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO



Señor Presidente:

Os cidadáns e cidadás asinantes deste manifesto asumimos a responsabilidade de denunciar ante vostede as graves eivas do PXOM de Vigo aprobado provisionalmente o 19.05.06 (AP-2006). Galicia e Vigo viven un momento crítico, ante a presión irracional das forzas do mercado e a necesidade dunha nova economía que preserve o territorio. O urbanismo especulativo e a proliferación de infraestruturas están a degradar, dun xeito nunca antes coñecido, o medio ambiente e a paisaxe, os conxuntos urbanos e rurais, o patrimonio histórico e a paisaxe cultural. Este proceso degrada a calidade de vida e compromete o futuro das actividades sostibles relacionadas coa natureza. Pero, sobre todo, destrúe o territorio, os ecosistemas e a biodiversidade; destrúe a paisaxe identitaria, a nosa memoria cultural e a das xeracións vindeiras; destrúe, en suma, a identidade mesma do País. Non podemos consentir tal desatino.

O desenvolvemento sostible amósase como único xeito de acadar unha relación harmónica entre o ser humano e o territorio. O camiño emprendido neste sentido pola Xunta de Galicia conta co noso apoio. Pero o PXOM de Vigo é un Plano insostible, que leva á destrución do territorio e da cultura, e que está marcado pola inxustiza social, a falta de democracia participativa e a ilegalidade.

Unha documentación técnica abundante confirma o que se expón nesta denuncia: O propio PXOM; os informes desfavorables da Xunta anterior, dos Organismos Estatais e dos Técnicos do Concello; o *Estudio de Sostibilidade do PXOM* da Universidade de Vigo; o *Dictame sobre a Legalidade do PXOM*, e outros documentos. Porén, queremos facerlle chegar os nosos argumentos mediante un resumo crítico do PXOM incorporado na segunda parte deste manifesto. Este PXOM constitúe unha grave ameaza para Vigo, pero tamén para Galicia, porque o desenvolvemento sostible ten que acadarse nas cidades, ou non se acadará ningures. Pola cegueira incomprendible dos seus responsables municipais, a cidade máis grande de Galicia, o seu principal motor económico, camiña na dirección errada, e pode arrastrar con ela ao resto do País.

Este momento crítico precisa decisións acertadas, acordes coa súa transcendencia. As evidencias de ilegalidade do PXOM constitúen unha oportunidade para neutralizalo. E a normativa que prepara a Xunta constitúe un marco favorable para tal decisión. A cidade máis grande de Galicia non pode ser unha illa de irracionalidade nun contexto de Ordenación racional do Territorio, Protección do Litoral, Protección da Paisaxe e Desenvolvemento Sostible.

Por todo o devandito, esperamos que a Xunta de Galicia denegue a Aprobación Definitiva do PXOM de Vigo AP-2006. Vigo precisa un novo PXOM, que cimente o seu futuro e potencie o de Galicia, en lugar de comprometerlos gravemente. Mentras se redacta, esta cidade pode rexirse con normas provisionais, pero racionais, sostibles e xurídicamente seguras. Se isto ocorre así, poderemos sentirnos esperanzados co futuro de Vigo e de Galicia, e orgullosos da nosa condición de galegos e vigueses.

Vigo, xullo 2006

Asinado polos cidadáns a partir desta data

II. O PXOM DE VIGO AP-2006

1. Un PXOM mal xestado e mal elaborado

- O PXOM de Vigo xestouse sen un debate previo que tivese ampla participación cidadá e un adecuado asesoramento multidisciplinario. O PXOM licitouse sen sequera convocar un concurso de ideas. A cidadanía non puido participar na elaboración colectiva dunha idea racional e sostible do Vigo futuro.
- O PXOM non parte dunha correcta diagnose e prospectiva de Vigo. Non está redactado con criterios de rdenación racional do territorio e sostibilidade. Non foi elaborado coa debida coordinación e cooperación interterritorial (Estado, Xunta, Área Metropolitana, Rexión Urbana) e intraterritorial (Porto, Zona Franca, Aeroporto). A cidadanía non puido participar corresponsablemente no deseño do Vigo futuro.

2. Un modelo económico insostible e especulativo

- O PXOM non basea o seu modelo económico nos sectores estratéxicos de Vigo (porto, pesca, industria, I+D+i) e na súa situación estratéxica na Eurorrexión. Non prevé a conveniente diversificación en novos sectores de alta tecnoloxía. Non prevé o solo industrial necesario para cada sector, non coordina a súa distribución na Área Metropolitana, e non diseña a súa integración sostible no territorio, preservando a identidade, o medio ambiente e a paisaxe das parroquias afectadas.
- O PXOM non valora a potencialidade económica do territorio e dos sinais de identidade de Vigo, no contexto das Rías Baixas, como obxectos dun turismo de calidade atraído pola natureza e a cultura.
- O PXOM, co obxectivo teórico de potenciar a cidade na Eurorrexión e financiar o propio Plano, adopta a *economía da construción*, modelo insostible baseado na inversión especulativa, que depreda o territorio, fai inasequible a vivenda e crea cidades desertas. A cidade actual ten 293.000 habitantes (18.000 parados) e 122.000 vivendas (18.000 baleiras). O PXOM prevé, en 25 anos, unha cidade de 400.000 habitantes, cunha demanda de 85.000 novas vivendas e unha capacidade máxima de 140.000. Semellante cidade podería acoller entre 497.000 e 629.000 habitantes.

3. Un modelo territorial insostible, que destrúe irreversiblemente o medio ambiente e a paisaxe

- O PXOM carece dunha concepción ecolóxica do territorio. Estende o medio urbano dende o actual 35,5% ata o 66% dos 106 km² do municipio, e reduce o medio rural dende o 64,5% ao 34%, o que supón un consumo insostible de territorio e a eliminación dunha valiosa diversidade. Non rexenera nin protexe o medio ambiente e a paisaxe, senón que os destrúe en gran medida e de xeito irreversible.
- O PXOM elimina o 60% da actual superficie agrícola (14,6% do territorio), o 20 % da superficie de cultivo forestal (25,3%) e un 68% do medio rústico e natural restante (24,6%). O PXOM reduce gravemente a diversidade biolóxica, cunha extinción media do 15% das especies vexetais e animais. O PXOM reduce a franxa de policía de cauces de 100 a 25 m, non respecta as franxas de protección de costas de 100 m. (Estado) e 200 m. (Xunta de Galicia), e destrúe acuíferos e humedais valiosos.

4. Un modelo urbanístico insostible e de baixa calidade

- O PXOM renuncia á rexeneración de Vigo e non o transforma nun espazo público de vivencia, convivencia, lecer e cultura. Non respecta a súa persoalidade histórica diversa (urbana, mariña e rural, portuaria e industrial, galega e universal), e non conserva nin xera espazos que acubillen os seus sinais de identidade e a súa tradición. Ignora os conceptos de beleza e natureza no deseño de Vigo, e non restaura a súa relación física, visual e cultural co mar e co territorio.
- O PXOM promove un urbanismo despersonalizado e inharmónico. Conxestiona o núcleo urbano con 69 torres de gran altura que empequenecen a cidade, desmitifican o entorno natural, aumentan o caos da paisaxe urbana e constitúen novas barreiras entre a cidade, o mar e o territorio. En lugar de poñer en valor o rural, faino desaparecer mediante a súa urbanización masiva con bloques de media e baixa altura. Destruí 15.000 vivendas e absorbe 84 dos 95 núcleos rurais. Conxestiona o litoral e ocupa os últimos espazos baleiros do rural costeiro.
- O PXOM non crea unha cidade humana e policéntrica de corte europeo, que promova o espazo público, os desprazamentos curtos e a mobilidade sostible, senón que diseña, sobre o caos actual, unha superestrutura de feitura norteamericana que promove os *non lugares* e a mobilidade insostible.

5. Infraestructuras insostibles e con graves deficiencias técnicas

- O PXOM non xustifica a necesidade da Ronda de Vigo, nin estudia alternativas viables. As evidencias mostran que a Ronda é a punta de lanza para a urbanización masiva do rural. O equipo redactor do PXOM non avalía o seu grave impacto ambiental e paisaxístico, nin a destrución de vivendas que provoca, nin a destrución de patrimonio arqueolóxico ocasionada polo seu trazado.
- O PXOM non prevé infraestructuras viarias que promovan a mobilidade sostible (tren de proximidade, metro lixeiro, transporte marítimo). Non acomete a integración ambiental das grandes vías (falsos túneles do segundo cinto; soterramento do acceso N do AVE e a AP-9). Non prevé a conexión ferroviaria Bouzas-Salvaterra, nin a saída S do Ave. Tampouco corrixe as eivas do viario actual.
- O abastecemento de auga e o saneamento do PXOM están deseñados para 350.000 habitantes. O abastecemento non contempla as previsións demográficas de todos os concellos abastecidos. O saneamento non prevé a localización dunha nova depuradora, nin a necesidade de depuradoras sectoriais urbanas e industriais, e non diseña a separación das augas pluviais e residuais na rede actual. O PXOM non diseña a xestión dos residuos xenerados pola súa propia execución.

6. Un PXOM socialmente inxusto e culturalmente destrutivo

- O PXOM utiliza o territorio, patrimonio natural e ben público, como un obxecto de negocio privado. Un negocio que degrada a calidade de vida dos vigueses (no núcleo urbano) ou a destrúe (no rural), e que provoca un innecesario realoxamento e cambio de vida de milleiros de persoas.
- O PXOM prevé un 20% de vivendas de protección oficial, o mínimo legal. Compárese co establecido en Andalucía (30%), Navarra (50%) San Sebastián (75%), e na futura *Ley del Suelo* do Estado (25%).
- O PXOM degrada e non restaura os referentes culturais do núcleo urbano. Destrúe a cultura rural, pois fai desaparecer o seu hábitat e a súa paisaxe cultural, e desarraiga vital e emocionalmente os seus veciños. Non cataloga nin protexe adecuadamente o patrimonio histórico e arqueolóxico. Ignora, afecta e incluso destrúe unha parte importante dos xacementos. Non conserva o patrimonio mariño e industrial.

7. Un PXOM falto de lexitimidade democrática e con forte contestación social

- Dada a inexistencia dunha verdadeira Axenda 21 Local operativa, ben asesorada e non manipulada, os cidadáns non puideron participar activa e corresponsablemente nun debate previo para elaborar unha idea de Vigo, nin no seu deseño e desenvolvemento a través da redacción do PXOM.
- O PXOM non fixa a secuencia espazo-temporal da súa execución, senón que a deixa en mans dos promotores (entre o 75% e o 91%). Polo tanto, a configuración da cidade no tempo non dependerá da súa extensión coherente sobre o territorio, senón dos mecanismos do mercado.
- O PXOM recibiu 61.067 alegacións asinadas por 81.067 cidadáns e colectivos. 21.055 cidadáns solicitaron o seu sometemento a un referéndum. Isto constitúe a meirande contestación social a un PXOM en España (O *PGOM* de Sevilla AI-2005, segundo máis contestado, recibiu 6.900 alegacións).

8. Un PXOM con graves evidencias de ilegalidade

- O Dictame titulado *Examen de Legalidad del Plan General de Ordenación Municipal de Vigo* describe os seus incumprimentos da normativa obrigatoria europea (*Directivas EIA & EAE*), estatal (*RPU, RDL-EIA, LC, LPHE, LRSV, LRJAP*) e autonómica (*LOUG, LOT, LSG, LMAG, D-EIA, LPHG*), en canto a Territorio, Sostibilidade, Avaliación dos Impactos Ambiental e Paisaxístico, Estudo Económico-Financeiro, Clasificación do Solo, Infraestructuras e Protección dos Bens Patrimoniais. O Dictame revela a necesidade dunha nova exposición pública do PXOM, dacordo co *RPU* e a *LOUG*, e do seu sometemento a *EAE*. Tamén mostra a súa inadecuación á *Estratexia Territorial Europea*.
- O Dictame conclúe que o PXOM incurre en causa de nulidade de pleno dereito, conforme ao disposto na *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y Procedimiento Administrativo Común*.
- O PXOM non cumpre os compromisos da *Carta de Aalborg* sobre desenvolvemento sostible, asinada dúas veces polo Concello de Vigo (2004 e 2006) nin a *Ley 9/2006 sobre Avaliación Ambiental Estratéxica*. As evidencias mostran que o PXOM non cumpriría a futura *Ley del Suelo* estatal, nin a futura normativa da Xunta de Galicia sobre Ordenación Territorial, Medio Ambiente, Protección do Litoral, Protección da Paisaxe e Desenvolvemento Sostible.